



**Dirección:** Coirós de Arriba, 16  
**CP:** 15316  
**Concello:** Coirós, A Coruña  
**Teléfono:** 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

### RESOLUCIÓN

**ASUNTO:** Aprobación bolsa de emprego auxiliares SAF

**EXPEDIENTE:** 2026/G003/000185

### **ANTECEDENTES:**

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o 28/04/2026, aprobou as as bases propostas pola Alcaldía acctal. en data 27/04/2026 para a creación dunha bolsa de emprego na categoría de auxiliar do Servizo de Axuda no Fogar, e a convocatoria do proceso selectivo; asemade, ordenou a súa publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica.

Segundo informa o auxiliar administrativo Pablo Vara Fiaño en data 12/05/2026, as citadas bases estiveron publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica deste concello dende o día 28/04/2026 ata o 07/05/2026 (ambos inclusive). Non consta a presentación de solicitudes.

Tendo en conta que persiste a necesidade de contar cunha bolsa de emprego de auxiliares de SAF para a cobertura de ausencias, considerase que concorren as circunstancias de urxencia e excepcionalidade que permiten facer unha oferta xenérica á Oficina de Emprego.

Por Resolución da Alcaldía 121/2026 do 19/05/2026 declarouse deserta a convocatoria e dispúxose a contratación excepcional a través da solicitude de oferta á Oficina de Emprego.

O proceso de selección tivo lugar os días 19, 20 e 21 de maio, segundo reflicte a acta emitida pola comisión seleccionadora, que se transcribe literalmente:

*"(...) Á vista do anterior a comisión, por unanimidade, acorda propoñer ao alcalde a formación da bolsa de contratación das persoas aspirantes e pola orde seguinte:*

N.º orde na bolsa	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
1	MARIA ESPERANZA HERMIDA MORENO	47
2	ADELA DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ	46
3	JUDIT OTERO CASTRO	40
4	UXÍA RIVEIROS PÉREZ	39
5	LORENA CARMUEGA COUCHEIRO	9



**Dirección:** Coirós de Arriba, 16  
**CP:** 15316  
**Concello:** Coirós, A Coruña  
**Teléfono:** 981 79 64 14

## CONCELLO DE COIRÓS

*Polo que esta comisión da por finalizado o seu cometido de selección, danto conta do resultado da mesma ao Sr. Alcalde para que adopte a resolución que proceda.”*

A proposta de resolución foi publicada no taboleiro da sede electrónica do 25 ao 30 de maio de 2026. Non consta a presentación de alegacións.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Aprobar a bolsa de emprego de auxiliares de axuda a domicilio (SAF) integrada polas seguintes aspirantes:

N.º orde na bolsa	DATOS PERSOAIS	PUNTOS
1	MARIA ESPERANZA HERMIDA MORENO	47
2	ADELA DOMÍNGUEZ MARTÍNEZ	46
3	JUDIT OTERO CASTRO	40
4	UXÍA RIVEIROS PÉREZ	39
5	LORENA CARMUEGA COUCHEIRO	9

A bolsa de traballo extinguirase unha vez que transcorreran dous anos a contar desde a publicación no BOP da Resolución da Alcaldía que aprobou a relación e orde de prelación dos integrantes dela, ou por derogación expresa por Resolución da Alcaldía, sen prexuízo da posibilidade de prórroga, por un ano máis, a cal deberá ser acordada por Resolución de Alcaldía antes de finalizar o período inicial de duración da bolsa.

Segundo.- Dar traslado da presentes resolución aos servizos sociais municipais e publicala na sede electrónica municipal o no BOP.

Asinado dixitalmente no Concello de Coirós na data que figura ao marxe desta resolución polo Sr. Alcalde Francisco Quintela Requeijo. Pola secretaria-interventora tómase razón para a súa constancia/transcrición ao libro de Resolucións da Alcaldía aos sós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 do RD 128/2018).